


O CANDIL

Decembro 1997

Nº 15



Castelo dos mouros - Ons (X.Lourenzo 1934)

LENDAS, MITOS,...
DE BUEU

Unha vez máis os **alumnos e mestres do Colexio Público de Bueu** (Pontevedra) chegamos cun novo número de "O Candil" dando a coñecer un amplo abano da memoria histórica do noso pobo.

Esta vez adentrámonos no mundo dos *encantos*, das imaxes, dos soños... Son as lendas as que nos dan a pauta co seu mundo, non sempre marabilloso pero que si nos traen lembranzas antigas mesturadas de tesouros, historias, desexos e medos.


Son os alumnos que ó longo dos anos e con distintos "animadores" convertíronse en verdadeiros protagonistas e buscadores de lendas, mitos e pequenas historias que forman parte da etnografía máis preto de nós.

Unha vez máis o Colexio Público de Bueu quere dar un sinxelo agradecemento a tódalas persoas (avós, tíos, pais, nais,...) que colaboraron cos alumnos para contarlles "*o que lle contaron ou viron*", e que sen eles non poderíamos sacar este traballo. Recoñecer a tódolos mestres/as participantes e ampliar ese recoñecemento ó labor do profesor Buenaventura Aparicio Casado, que alá polos anos 70 foi pioneiro, entre outras, na recompilación e investigación da cultura e crenzas populares.

Os debuxos que acompañan ós contos foron feitos para a revista polos alumnos de 6º de E. Primaria).

Lóstregos mundos de insondables xeodas que asollan e protexen os tesouros dos nosos montes, penedos e covas froito de serpes, encantos e mouros.

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran: Profesorado e alumnado do Colexio Público de Bueu
Benito Fernández Alonso
X. Manuel Cerviño Meira e Xosé L. Fdez. Aldegunde
Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
Dep. Legal: PO-2-96
ISSN: 1137-1994



Lendas, mitos...

O título "Lendas, mitos e outros" vén dado pola dificultade de acoutar o que é unha lenda sobre todo do que é mito ou conto.

O mito é para a mentalidade primitiva *"unha historia verdadeira que ocorreu ó comezo do tempo e que serve de modelo aos comportamentos humanos"*.¹ Ou como nos di Risco *"O mito é unha historia que expresa as dependencias das causas humanas con respecto a algunha cousa divina e invisible."*²

De tódolos xeitos non podemos esquecer que *"moitas lendas, tradicións, contos,... foron na súa orixe mitos"*³

Na Idade Media lenda, facíase sinónimo de vida de santos (que se lían nos conventos).

Para nós a lenda narra a xeito de carácter marabilloso, unha acción interesante, baseada na historia ou na tradición, na que xoga un papel importante a imaxinación do narrador. Non esquecendo o seu rol social, que como dicía V. Popopp cando sinalaba que *"as diferencias entre mito, conto e lenda non están no que din senón na función social que cada relato desempeña."*⁴

As distintas acepcións que de *lenda* se poden atopar en dicionarios, enciclopedias,... coinciden case que de xeito literal en contido e fondo, aínda que non se posicionan a encadralas dentro do que pode ser a tradición oral ou escrita. Vexamos algúns exemplos:

- "Relato sobre a tradición, que pode ter un fondo histórico pero que foi cambiado e esaxerado co paso dos anos."⁵
- "Relato fantástico, xeralmente con certa base histórica que a tradición foi elaborando."⁶
- "Narrativa escrita ou tradición de sucesos fantásticos ou parcialmente históricos e elaborados ó longo do tempo"⁷
- "Narración de sucesos fabulosos que se transmiten por tradición como se fosen históricos."⁸
- "Narración de sucesos fabulosos que se transmiten por tradición."⁹

¹ Xesús Taboada Chivite. *Etnografía Galega*. Edit. Galaxia, 1972. Páx. 98.

² Vicente Risco en *Historia de Galicia*. dirixido por Otero Pedrayo, Edit. NOS. Buenos Aires, 1962. Tomo I. Páx. 268.

³ Vicente Risco. Op. cit. Tomo I, páx. 268.

⁴ Vladimir Propp en *Las raíces históricas del cuento*. Madrid, 1974

⁵ Pequeno Diccionario da Lingua Galega. Real Academia Galega, 1993.

⁶ Diccionario Xerais da Lingua. Xerais, 1986. Páx. 494.

⁷ Diccionario da Lingua Galega, Páx. 494, Irindo S.A., Vigo 1986.

⁸ María Moliner. *Diccionario de uso del español*. Gredos, 1988.

⁹ Gran Enciclopedia Larousse.

Na imaxinación popular atópase un substrato que serve de enlace entre culturas e tempos diferentes e que ás veces formalízase e mestúranse en forma de lenda.

En canto á súa orixe ou á súa data non é fácil encadrar as lendas, xa que por mor do seu xeito de transmisión (oral) difumínanse no tempo.

Unha mesma lenda pode sufrir ó longo do tempo un mesturamento con outras que as retocan, amplían ou modifican podendo chegar a producir variacións substanciais do sentido inicial, localización, etcétera.

Algunhas lendas poderíanse considerar, pola súa estrutura formal ou polo tema tratado como *literatura oral*¹ que forma parte da poética popular, que Risco² clasifica como:

- Etiolóxicas: aquelas que foron inventadas para explicar un feito do que a xente non coñece a razón ou a orixe (un nome: etimoloxía popular; un edificio; un accidente xeográfico: penedo, lago, furna). Soen ser de carácter mítico.
- Haxiográficas: refírense ás vidas dos santos: milagres, penitencias, fundacións, ditos e sentencias.
- Históricas: son referentes a feitos históricos, xeralmente batallas, fazañas e accións heroicas.

Aínda que se teña en conta esta clasificación algúns autores fan grupos de lendas por épocas de referencia -coma Taboada Chivite coas lendas castrexas³-, temas, etcétera.

Pola nosa banda optamos por facer un agrupamento por temas máis ou menos abertos e tópicos, para achegarnos ó tipo de clasificación que interese ós nosos alumnos. E ante a dificultade de encadrar moitas das narracións como lendas, optamos por facérmonos eco de todas aquelas narracións que nos parecían de interese dar a coñecer.



Eu non sei se isto é unha historia que semella

un conto ou un conto que semella historia.¹



¹ No senso que lle daba Antonio Fraguas cando definía a Literatura oral como "*conxunto de manifestacións literarias que sostén o pobo tradicionalmente. Nese conxunto de manifestacións literarias pode recollerse, perfectamente, o espírito, toda a sensibilidade de ise pobo, os seus problemas especiais, xeitos de vida, maneiras de ser das persoas, feitos bos e malos.*" en *Galicia Máxica*, Biblioteca 114 - nº 49 páx. 9 de El Correo Gallego, 1991.

² Vicente Risco en *Ensayo dun programa pro estudo da Literatura popular galega*. Ravista NOS nº 56. Ourense, 1928 e en *Historia de Galiza*, . Op. cit. Tomo I. Páx. 692.

³ Xesús Taboada Chivite. Ponencia: "Leyendas castreñas" lido no IX Congreso Nacional de Arqueología. No libro *Ritos y creencias gallegas*. 2ª edic. Edit. Sálvora.

A COVA DO PENEDO DA BANDA DO RÍO



O Penedo da Banda do Río (Bueu)

Ante un mesmo accidente xeográfico a imaxinación popular interpreta e mestura dúas verbas que soan o mesmo pero, cada unha na súa lingua, sinala dúas especies animais completamente distintas: unha a *londra* ou *lontra* (*nutria* en castelán) e a *laverca* (*alondra* en castelán). A esta homofonía cruzada, engádeselle que ó ser as lendas eminentemente de tradición oral, aparecen con facilidade fenómenos fonéticos coma prótese, aférese, contraccións,... que poden levar a equívocos. Exemplo: "*A cova dalondra*"

Cando isto ocorre faise que a narración da lenda se adapte ó protagonista da mesma tendo en conta a súa morfoloxía.

Como exemplo temos as seguintes lendas que se refiren a unha cova ou furna que había no penedo da Banda do Río de Bueu.

¹ Gustabo Adolfo Bécquer en *Leyendas*. Colección Arahal. Nueva Generación de Editores S.A. 1982. Páx. 38.

Referencias próximas témolas en Domaio (Moaña) coa "Cova da Lóntrega" e en Tirán (Moaña) coa "Cova da Londra" e refírense a unha londra ("animal peludo con garras e fortes dentes que rompía os aparellos").¹

Lendas da Lontra ou Londra:

A COVA DA LONDRA

Era unha nena que se convertiu nunha londra, especie de serea.

Adoitaba saír a cantar polas noites e cando isto sucedía ó día seguinte alguén morría.²

* * *

O MISTERIO DA COVA DA LONTRA

Había un mostro chamado *lontra* do que dicían que comía os peixes e mariscos dos mariñeiros da zona. O lugar no que se agochaba era unha cova que hai no penedo da Banda do Río, a cal ten dous pasadizos dos que un deles vai dar á praia chamada Can do Penedo.

En canto á londra era un becho con forma de foca, aletas de peixe e boca de morsa. Ten atacado a moitos barcos para poder facerse coa comida.³

* * *

Lendas da laverca ("Alondra")

A COVA DA ALONDRA

Existía unha ave mariña moi grande que saía pola noite a comer peixes. Facíao poucas veces pero cada vez que saía algunha persoa morría.⁴

* * *

A COVA DA ALONDRA

Diciase que unha "*alondra*" vivía nunha cova do Penedo de Bueu e agardaba a que algún barco se aproximara pola zona. Cando así ocorría esta saía e, con grandes berros, desprezaba as súas enormes ás arredor do barco. Lanzábase en picado e abrindo o seu enorme peteiro devoraba a toda a tripulación sen deixar rastro dela.

Moitos tentaron matala, ningún o logrou. Chegou un día no que desapareceu e ningún soubo mais da "*alondra*".⁵

¹ Xosé Manuel Villaverde Román, *Lendas de Moaña*. Agrupación Cultural Nos. Vigo 1988. Páx. 26 e 29.

² Mirian Hervello Novas de 6º EXB –1993, contado polo seu avó.

³ Pablo Diéguez Loira de 7º EXB–1993

⁴ Amelia Sampredo Soliño de 6º EXB – 1993, contado pola súa irmá.

⁵ Alejandro Pérez Mandado en 6º de EXB - 1993.

OS MOUROS

"O nome de *mouros*, o máis repetido nas informacións folclóricas, é clara contaminación erudita, eco degradado de habitantes primitivos, os nosos antepasados, mortos en paganía e por tanto dun mundo que non é noso."¹

Os trazos que definen ós *mouros*, segundo Mar Llinares², son o de ser habitantes imaxinarios con carácter de antigos poboadores que viviron en tempos de loitas constantes. Os lugares onde a cultura popular os sitúa teñen como características xerais o ser onde os humanos non podemos vivir (baixo terra, rochas, auga...), onde houbo ou hai actividade cultural antiga (castros, mámoas,...) ou en lugares naturais de características especiais (pías, agrupacións rochosas,...). En canto ás actividades que realizan pódense resumir en: constructores (castros, túneles, covas,...), gardiáns de tesouros e outras actividades humanas (tecer, lavar, cociñar,...).

Non é de estrañar que sexan lugares como Liboreiro, Illa de Ons, furnas da costa, etc. as referencias mais abondosas en lendas relacionadas con mouros, mouras, tesouros escondidos,... xa que neses puntos houbo actividade antiga (castro, zona próxima a mámoas), lugares naturais de características especiais ou ámbalas dúas cousas. Proba do mencionado anteriormente dicir que en tódolos lugares citados nas lendas a parte dos castros ou mámoas, atopáronse restos arqueolóxicos do tipo de fíbulas de bronce, tégulas, machados, pezas discoidais de cuarcita,...

Destacar que a máis grande parte das connotacións que se lle atribúen ós mouros danse nas lendas que a eles fan referencia no noso concello.

A mesturanza do que serían as insculturas ou petroglifos con debuxos e "letras" nas covas é bastante evidente.

Na lenda que fala do cura de Cela que vai cuns rapaces a facer un desencanto de tesouros na cova do Xistro (Cela) utilízase case que o pé da letra o "Ciprianillo" na que se citaba que para desencatar tiñan que ir un crego misado e tres individuos (eran cinco), ler no libro as palabras axeitadas e facer o círculo de Salomón, para se defender das aparicións que poindan saír.

Nas referencias que se fagan á Paralaia (cova, monte, penedos,...) témolas en conta dado que, aínda que pertencen ó concello de Moaña, son linde con Bueu, foron parte do Coto de Ermelo e están, como pode comprobarse polo amplo número e polo significativo das lendas recollidas, na memoria histórica do noso pobo.

¹ Xesús Taboada Chivite. Ponencia: "Leyendas castreñas" lido no IX Congreso Nacional de Arqueología. Op.cit.

² Mar Llinares García en *Os mouros no Imaxinario Popular*. Biblioteca 114 - nº 31 páx. 7,10,14 e ss. de El Correo Gallego, 1991

AS VEIGAS DOS MOUROS

(Localización: Cela)

O forno das Arcas. Situada ó leste da Costa Grande, as leiras existentes eran as veigas dos mouros, nas que sementaban o millo miúdo. As casas estaban por alí e se non se ven é por seren casetas ruíns. Os mouros vivían nelas corréronnos, fai moito tempo as xentes que viñeron para aquí.¹

* * *

A COVA DOS MOUROS

(Localización: Cela)



Uns amigos, acompañados do cura de Cela foron ó monte Castelo, sito na parroquia veciña de Ardán, a coller un encanto. O cura trazou en torno a cada un o círculo de Salomón e comezou a ler nun libro e viron vir unha serie de animais feos. Ó volver outro día apareceu un home que lles preguntou polo que querían; contestáronlle que o diñeiro das arcas reais. O home encantado pidiulles que

trouxeran unha prenda ó día seguinte: un gato ou unha galiña negros. Ó levar a prenda ó seguinte día atoparon un carro cheo de diñeiro, que ó velo un dos presentes exclamou “Loa-do sexa Deus que desta quedamos ricos”. E inmediatamente desapareceu todo xa que nos tesouros encantados non se pode citar ó divino nin a santo algún Quedou só unha pequena parte porque o cura lle botou a tempo a súa estola enriba, antes de desaparecer.²

* * *

A PEDRA DOS MOUROS

(Localización: Ermelo)

No monte de Chan e Ermelo³ hai unha pedra onde de vez en cando os mouros ían alí e vivían na mesma. Ten na entrada unhas letras que semellan en árabe.

As vellas de antes cando ían ó monte, sentábanse alí e podían observar que é unha pedra redonda con forma de pico por enriba.⁴

¹ "Das Fontes das Arcas, dí que é un chan situado en dirección este do monte Costa Grande. Terreo arxiloso e de bastante humidade. Dividido por unha especie de muros ou modarróns de terra, máis altos que o terreo circundante, como se se sinalasen lindes de terra de cultivo". Cando falan das xentes que correron ós mouros din que son "os que viven no igrexario de Cela". Ref.: B. Aparicio. Museo de Pontevedra.

² Narra: Manuel Lorenzo del Río citando o seu tío. Museo de Pontevedra.

³ Nesta zona hai restos de mámoas.

⁴ Vanessa Barreiro Santiago de 7º EXB - 1993, contado pola súa avoa

A COVA DOS MOUROS

(Localización: Ermelo)

Nunha cova que chaman "A cova dos Mouros"; dise cun home entrou e non volveu a saír.¹

* * *

A COVA DOS MOUROS

(Localización: Ermelo)

Había unha vez unha montaña de pedras que no medio tiña un burato algo pequeno, polo que había que entrar arrastras. Un día meteuse un home e disque todo era costa abaixo, que as paredes estaban todas escritas e que ó chegar á metade da cova apareceu un mouro vestido de negro con moitos esqueletos ó redor. O home botou a correr cara fóra, e logo de saír mirou unha luz amarela entrar na cova, e levar ó mouro cara ó ceo.



¡Aínda existe esa cova dos mouros!²

OS MOUROS

(Localización: Casarella)

Preto da Portela, veciño a Casalfrides, á esquerda da estrada de Bueu a Cangas. Existe a lenda de que alí, ó pé de Castrillón, habitaban os mouros.³



(Localización: Cela e A Portela)

Nos montes Xistro e "Libureiro" andaban a minar os mouros.⁴

¹ Salvador Costas Vilas de 6º EXB - 1993

² Fernando Argibay Juncal de 6º EXB - 1993, contado pola súa avoa.

³ Ref. Buenaventura Aparicio. 6-IX-1979. Museo Pontevedra.

⁴ Salvador Castro - 1976 relatado por Carmen Rúa.

(Localización: A Portela)

O verdadeiro nome do monte é o de “Libori”, nel habitaban mouros ate que foron expulsados do lugar polo propio apóstolo Santiago, o cal, levando consigo a un tenente que xa tiña pelexado con anterioridade no lugar do Loboreiro, e ámbolos dous armados con dous loros¹, produciuse un milagre: o loro de Santiago dixo: "ven, ven, que por aí vas ben"; o loro do tenente respondeu: - "Vai, vai, que por aquí non vin". Santiago derrotou ós mouros expulsándoos do Loboreiro a través de cabo Udra, producíndose a nova milagre de deixar as pegadas dos cabalos nunha rocha. Os mouros que vivían no Loboreiro eran tres e deixaron un manuscrito e unhas pedras cos seus nomes inscritos.²



* * *

(Localización: A Portela)

Fai moitos anos, cando non había aínda nin pistolas nin rifles, nin nada diso, na Portela rematouse unha guerra entre os mouros que habitaban no Liboreiro e outros que estaban pola parte de enriba da estrada e vivían en trincheiras. Esta guerra acabouse entre os “cruceiros” do Consolo e a Soidade.³ Aqueles homes sen armas loitaron coas mans e paos, pero ó final todos acabaron en paz.⁴

* * *

(Localización: A Portela)

O monte da Portela estaba preparado polos mouros para vivir nel, sendo visibles aínda hoxe as trincheiras que alí quedaron cando a guerra de Cuba. Alí, uns soldados vestidos de branco, tiñan o seu campamento, xusto na explanada ó lado. As trincheiras atopábanse cubertas de pedras, que lle foron sacadas para facer muros para os eidos.⁵

¹ Existe a versión de que eran dous paxaros. Un "pimpin" que dixo: "Por aí ven vin"; o outro un "chaschás" que respostou: "Por aí non vas".

² Martín Agulla, Salvador Castro e José Budiño recompilan dunha vella anónima “que apañaba herba no Liboreiro” Referencia: B.Aparicio. Museo Pontevedra.

³ Localízase en Abelendo xunto a igrexa de S. Martiño (Moaña).

⁴ Ref.: Buenaventura Aparicio. 6-IX-1979. Museo Pontevedra.

⁵ Sinala que os pés pasa a vella calzada “a vrea”. Antonio Costa Iglesias, en febreiro de 1976. Museo de Pontevedra.

O BURACO DOS MOUROS

(Localización: Illa de Ons)

"No buraco dos mouros gárdase moito ouro e pedrería. Moitos veciños teimaron procuralo e alá foron cavar semanas enteiras, mais cando adiantaban un pouco no seu traballo por embaixo da terra, apagábenselle os lumes; é porque dentro morreran os trasnos da illa que sopran tódalas luces cando se xulgan descubertos. Nesta cova – díxome a vella de 68 anos Ramona Domínguez –a miña nora tremeu e berrou polo seu pai toda arrepiada, e o pai díxolle; non teñas medo miña filla que é un encanto."¹



* * *

O CASTELO DOS MOUROS

(Localización: Illa de Ons)

No sueste da Illa está situado o castro coñecido como "Castelo dos mouros".²



* * *

(Localización: Paralaia-Liboreiro)

No monte Paralaia e Liboreiro viñeron os mouros, os que cando marcharon dixeron: "Paralaia, Paralaia ¿onde están os nosos intereses?" e tamén "Piralaia, Piralaia ¿onde os intereses dos nosos tataravós?". Estes mouros ó marchar para a súa terra deixaron nos lugares onde viviron diñeiro encantado, que caducaba ó cabo de certo tempo.³

* * *

(Localización: Cela-Paralaia)

Na cova atópase o lugar de Trigás, cos campos de trigo empregados polos mouros⁴.



¹ Alvaro das Casas en *A illa de Ons* na revista NOS nº 131-132. Ano 1934. Páx. 173.

² Xurxo Lourenzo en *Notas do meu diario arqueolóxico*. Rev. NOS nº 124-125. Ano XVI. Abril 1934. Páx. 87

³ Recollido en Cela. Museo de Pontevedra.

⁴ Recollida por Antonio Costa Iglesias - 1973. Ref. Museo de Pontevedra.



A MOURA

A figura da muller encantada prevalece no imaxinario galego con nomes diversos, sendo o de moura o máis empregado.¹

Representa un arquetipo da muller ideal, poucas veces arrendada de elementos estéticos negativos. As mouras comparten case que tódalas connotacións dadas ós mouros ás que poden engadirse outras relativas ó sexo (maternidade), asociadas a animais (serpes), etc.

Estes seres de aspecto feminino presentánsenos de moitos xeitos dos que destacaremos os máis significativos e abondosos que á súa vez se dan nas lendas recollidas na zona:

- Peiteándose os cabelos: O feito de peitearse en público ou de mostrar os cabelos, na cultura popular galega, representa un elemento de seducción moi eficaz.² O que lle dá un aspecto máis atractivo é que os cabelos son de ouro ou, alomenos, de cor semellante (louros) e os útiles son de metais preciosos (ouro-prata).
- Asollando tesouros en mantas: Nesta lenda danse dous factores non sempre paralelos: A sedución e recompensa, sí se desfai o encanto coas palabras axeitadas.
- A localización en fontes, lagos,...: A auga como factor de seducción que tanto se dá nas lendas.

¹ Mar Llinares García. Op. cit. Páx.39.

² Mar Llinares García. Op. cit. Páx.48

FORTE DOS TORNOS

(Localización: XEXIDE)

Cando na media noite de San Xoán íase á Fonte dos Tornos e collíase a flor do fento aparecíase unha fermosa moza co pelo loiro.¹

* * *

(Localización: Cela-Paralaia)

Na noite de San Xoán, sae unha vella da súa cova a “asollar” ouro nunhas mantas e se alguén se achegara e dixer “piopardo o saco”, a vella encheríalle o saco de ouro. Preto desta cova hai unha mámoa case que desfeita. Tamén dise que foi destruída a cova hai pouco tempo e que a uns dez metros da entrada ensánchase, partindo catro ou cinco galerías nas que se poden atopar pedras con debuxos. Recibe a cova o nome de “buraco da moura”.²

* * *

A PIRULLA DE LIBOREIRO E A SEREA

(Localización: Monte Liboreiro)

Conta a lenda que tódolos días a media noite sae unha serea moi fermosa cun cabelo moi liso e moi longo a peitearse á luz da lúa.

Tiña un peite de prata moi fermoso. Pasaba toda a noite a peitearse no máis alto da pirulla.



toda a xente sospeitaba que había alguén e cando ían a ve-la serea esta esvaeíase.³

* * *

(Localización: Cela-Paralaia: Fonte de Sanabal e Serra de Coiro)

Había unha muller que pasaba o seu tempo peiteándose, máis cando alguén a quería mirar ben, esta desaparecía. Cando a guerra de Melilla, os mouros falaban das súas propiedades nas minas de ouro que había por estas terras e dicían que quería volver aquí.⁴

¹ Francisco González del Río. Contado pola súa nai.

² Recollida por Antonio Costa Iglesias - 1973. Ref. Museo de Pontevedra.

³ Iván Vidal Piñeiro de 7º EXB no ano 1993. De súa tía

⁴ Alfonso Nogueira Pousada Ref. Museo de Pontevedra.

(Localización: Meiro)

En Meiro, ó leste, subindo cara a Ermelo, case enriba de Vilariño, di a tradición que no monte que limita co “lago de Currás” foi constuída unha das dúas primeiras casas de Meiro; a outra, estaría no Castrillón. Casa que pertencían a dúas irmás que, lonxe unha da outra, comunicábanse pola noite a berros “que é cando resoa a vos”. Nas mañás do día de S. Roque era posible atopar neste lago de Currás a unha velliña peiteando o cabelo dunha nena.¹

* * *

(Localización: Meiro)

Oíase un canto de sereas que saían a peitearse e ó mirar á xente que ía a tapar o lago² metíanse na cova que alí había. Din que eran tres irmás, unha estaba no lago de Currás, outra no de Cisterna e outra no de Codillosa. Tamén din que se chamaban unhas ás outras, e así falando foi como se fixo o mundo.³

* * *

(Localización: Cela-Paralaia)

Esta mesma cova da moura tiña riscos premonitorios. Así moitas veces aparecía nela unha luz, que supuña anuncio dunha morte. Conta a xente que uns amigos aventuráronse a entrar e alí se quedaron pois pechóuse-lles a porta.⁴

* * *

(Localización: Illa de Ons)

David Otero, de 60 anos, viu unha raíña peiteándose na fonte do Gaitero; cobríase cunha capa de prata, tiña na testa unha coroa de brillantes e o peite relucíalle como se fose de vidro.¹



¹ Ref. B. Aparicio. 6-9-1979. Museo de Pontevedra.

² Poza de rego.

³ Elvira Castro. Ref. B. Aparicio. 1979. Museo de Pontevedra.

⁴ Recollida por Antonio Costa Iglesias - 1973. Ref. Museo de Pontevedra.

TESOUROS

"Galicia é un país de tesouros, escusados nos castros, asolagados nas lagoas, enterrados aquí ou acolá, e case que sempre ben gardados por mouros, ananos, xigantes, fadas, cobras... Son os que se chaman encantos."²

O mesmo que nos tópicos ditos das meigas, dos milagres,... é que tamén os tesouros encovados "realmente existen."³

A relación de tesouros ocultos, atopados, encantados, etc. con donas, mouros, lugares de interese especial... non é casual xa que o substrato inicial é o mesmo. O feito de pór lendas semellantes en apartados distintos (mouros, tesouros....) é para significar ou dar relevancia ó que nesa lenda concreta se considera núcleo da mesma. Nas lendas de tesouros⁴ unhas veces, o mesmo tesouro é un ser encantado susceptible de ser desencantado para outorgar distintas sortes, outras veces é o ser o que se converte en tesouro logo da feiticaría.

É na edición portuguesa do "Ciprianillo"⁵ onde se dan case dúascentas localizacións e contidos dos tesouros galegos así como facer para o desencanto⁶. Isto serviu, entre outras cousas, para que moitos lugares (mámoas) fosen violados ou para que se aventurasen á inspección de covas e búsqueda dos tesouros.

A descrición que se fai do Liboreiro coma un volcán pode que teña a súa orixe na escritora Emilia Pardo Bazán que unha das primaveras que pasaba na Torre de Miraflores, en Sanxenxo mirando na distancia ó monte Liboreiro sentenciou: "*Mirade, aí tendes ó Vesubio; vivo só de perfiles resoltos*"⁷



Bueu co monte Liboreiro de fondo

¹ Alvaro das Casas. Op. cit. 1934. Páx. 174.

² Álvaro Cunqueiro, *Tesouros novos e vellos*. Ed. Galaxia. Vigo 1980. Páx. 28-29

³ Prólogo de J. Rof Carballo ó libro de Alvaro Cunqueiro anteriormente citado. Páx. 9

⁴ Mar Llinares García. Opus cit. páx. 29 e ss.

⁵ *Grande libro de San Cipriano ou tesouros de feiticeiro*. Cap. 74

⁶ *Mitos y leyendas de Galicia*. Edit. Faro de Vigo. 1993. Páx. 218 e ss.


⁷ Frase citada en *El Pueblo Gallego* do día 10-11-1929. Páx. 9

O TESOIRO DE LIBOREIRO

Fai moitos anos a xente dicía "Liboreiro, Liboreiro canto ouro e prata tes meu".

No Liboreiro dicían que había dúas minas, unha de ouro e outra de veleno. A xente incluso fixo buracos para ver se o topaban, pero non toparon o tesouro.

Aquel tesouro agochado era dos mouros.¹



Hai tres covas no Liboreiro, a primeira estaría ategada de ouro, a segunda de prata, e a terceira, pola contra, contería a chave para erupcionar o volcán que a tradición sitúa neste monte, invadindo o lugar con lava.²

Dentro dunha buraca, enriba da cova, hai un marqués encantado en forma de estatua de muller sentada sobre as pernas dobradas e susceptible de abrirse en dous anacos. Para desencantalo tiña que ir unha rapaza virxe de 15 a 18 anos, coller unha espada que está dentro da buraca e lanzarlla á estatua, e entón esta fenderíase ó medio quedando o marqués desencantado.³

* * *

(Localización: Cela-Fontebieita)

Dicían que había moito ouro, un carro de ouro, e dixo unha muller: ¡Ai, meu Deus!, ¿Onde imos meter tanto ouro? E o ouro desapareceu.⁴



* * *

(Localización: Illa de Ons)

Estando en Marrocos, Bieito Piñeiro falou cun mouro que, ó decatarse de onde era nado, díxolle que en Ons había moitos tesouros. Ao voltar o Bieito correu toda a illa máis non atopou ren.⁵

¹ Francisco Pousada Núñez de 6ºEX no ano 1993. Súa avó de Ermelo

² Manuel Méndez e Salvador Castro, e narrada por Manuel Otero Pastoriza. Ref.: B. Aparicio. Museo de Pontevedra.

³ Xosé Manuel Villaverde Román, *Lendas de Moaña*. Agrupación Cultural Nos. Vigo 1988. Páx. 57. A esta lenda faille a anotación seguinte: "pode corresponder a unha pía, denominada "Cunca do frade" e fai de referencia entre os lindes de Ermelo e San Martiño".


⁴ Ref. B. Aparicio. 1979. Museo de Pontevedra.

⁵ Álvaro das Casas. Op. cit. Páx. 174.

COVAS E ROCHAS

Moitas son as referencias nas que os penedos e os montes que tiveron un simbolismo sagro,¹ mais non sempre ten unha significación relixiosa senón un darlle significación de elemento especial.

Non é por casualidade que sexa o monte Castelo, Liboreiro e Paralaia, a illa de Ons e a zona de Cabo Udra (desde a praia de Lago á de Mourisca),... onde aparezan a máis grande parte das referencias a encantos, seres, covas, pegadas, rochas relevantes,... Os primeiros teñen base no asentamento antigo ou castrexo. No caso da zona da costa de Udra hai un elemento natural, a causa da mesma morfoloxía xeolóxica, que fai que sexan abondosas as pías ou as coñecidas cacholas ("taffonis") que por ter semellanza con animais, cranios, sillas, pequenas covas, etc. fan dela algo singular. O que respecta á illa de Ons xa foron sinalados noutros apartados algúns dos seus accidentes xeográficos relacionados coas lendas, mais aquí sinalamos dous exemplos dun lugar de atracción e de referencia sempre que se fala da illa: O Buraco do Inferno, que non é senón un derrubamento producido pola abrasión do mar.



O Liboreiro desde Castiñeiras

¹ Xesús Taboada Chivite en *Etnografía Galega*. Ed. Galaxia. Vigo, 1972. Páx. 99

(Localización: Ardán-Cela)

No monte Castelo existe unha pedra con forma de ataúde que ó tocala produce unha voz moi rara: a voz do demo. Así mesmo hai unha cova que sae segundo uns en Lapamán, segundo outros en Covelo, Cachacho, Agrelo,... Todos afirman, iso si, que por dentro está moi ben, coas paredes cheas de letras escritas polos mouros, sendo empregada por estes como refuxio en tempos de guerra.¹

* * *

(Localización: Ardán-Cela)

Polos penedos que hai en Portomaior, atópase unha cova que se te metes podes escoitar voces da guerra da independencia e se continuas pola cova saes no monte Castelo.²

* * *

(Localización: Cela- Area de Cachacho³)

No monte Xistro existe unha cova que ten unha porta con propiaño (unha a cada banda e outra por riba) e segundo os vellos esa cova ía a dar ó monte Castelo, sendo coñecida co nome de cova de Cachacho.⁴

* * *

(Localización: Agrelo)

Din que fai moito tempo na punta de Agrelo houbo un dragón e que ese dragón partiu a Pedra dun raio. Tamén sinalan que nese mesmo lugar está un tesouro escondido polos mouros e que ese tesouro é para que o dragón deixara en paz ós mouros.⁵

* * *

(Localización: Monte Liboreiro)

Contan que se atopa unha rocha sinalada cunha aspa (X). Se un se agacha e intenta escoitala percibirá o ruído das augas que segundo uns é o río que baixo a terra chega ata o Facho de Donón e segundo outros alcanza directamente o mar. Hai tamén quen afirma que na pirulla existe unha cova pola que se chega ata a praia de Aldán.⁶

* * *

(Localización: Monte Liboreiro)

Había unha cova que alcanzaría o mar, esta vez en Bueu e, concretamente, no coñecido Burato da Alondra.⁷

¹ Antonio Brey recolle de Consuelo Entenza. Museo de Pontevedra.

² David Gómez Cabanelas de 6º EXB - 1993. Conta o seu avó..

³ "Na parte norte da praia dese nome hai unha cova de 10 m de profundidade por 2m de altura e case 1 m de ancho na súa entrada. O chan vai elevándose hacia o interior, para rematar uníndose ó teito." Ref. Museo de Pontevedra. "Segundo o folclore foi feita polos mouros e chega ó monte Castelo, en Ardán. A Igrexa parroquial, segundo a lenda, foi feita polos mouros". Filgueira Valverde e García Alén en *Adiciones a la carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra*". El Museo de Pontevedra XIII. 1959 páx. 62.

⁴ Adolfo García Bernárdez, recolle de Pilar Loira. Museo de Pontevedra.

⁵ Salvador Castro e Gonzalo Mondelo, informados por Manuel Feito. Ref.: Museo de Pontevedra.

⁶ Ref.: B. Aparicio. Museo de Pontevedra.

⁷ Manuel Méndez e Salvador Castro, e narrada por Manuel Otero Pastoriza. Ref.: B. Aparicio. Museo de Pontevedra

PEDRA PARALAIA

(Localización: O Valado)

No seu centro hai unha pedra de grande tamaño, que zumega auga.¹

* * *

O PAZO DOS PICOS

(Localización: A Graña)

Na "casa dos Picos" que naqueles tempos habitábana os mouros, conta a lenda, que había un subterráneo que chegaba ata á Igrexa. Este túnel servía para se refuxiar dos franceses, na guerra.

O túnel, descubriuse porque os franceses non os atopaban, pero por fin descubríronse, e nos túneles chegaronse a ver algúns escritos².

* * *

(Localización: Mourisca - Ancoradouro)

Entre Mourisca e Ancoradouro había "A pedra que fala" pois se falabas dentro dela repostaba.²

* * *

O BURACO DO INFERNO

(Localización: A illa de Ons)

Hai un buraco que se tiras unha pedra óese como se estiveras cortando unha árbore. Por terra non se pode ir pero por mar si e cando a marea está chea mírase a auga desde enriba.³

* * *

O BURACO DO INFERNO

(Localización: A illa de Ons)

En días de temporal óense berros e salaios das almas que ten atrapadas o díaño.⁴

* * *

O BURATO DO INFERNO

(Localización: A illa de Ons)

Un soldado ó achegarse sentiu como se o estiveran empuxando para que caíra e así pasou. Foron varias expedicións a dentro del, pero non o atoparon. Sospéitase que o soldado estea nun asento de pedra.⁵



¹ Ref.: B. Aparicio.6-9-1979 Museo de Pontevedra

² Nun campo ó sur de "A pedra que fala", Enrique Massó atopou restos de cerámica castrexa, de barro fino no ano 1964. Tamén B. Aparicio recolle o topónimo "A pedra que fala" nos montes de Ermelo. 6-9-1979.Museo de Pontevedra.

³ María del Carmen Reiriz Otero de 6ºEXB - 1993.

⁴ Mª Jesús Acuña Otero, *Isla de Ons*.1993. Páx. 34

⁵ José Manuel Sánchez Dosantos no 7º do ano 1993. Conta seu pai.



A GALIÑA E OS PITOS

A galiña e os pitos son unha referencia bastante frecuente na relación encantos-tesouros. No mundo rural a galiña tiña un forte vencellamento á muller, tanto pola súa presenza na casa, como pola súa cría (tarefa feminina), como alimento da muller que acaba de parir,¹ emblema de fertilidade²,...

Para Taboada Chivite³ "a presenza da galiña e pitos no abrente sosticial ten notable calidade mítica".

Na pequena lenda que nos ocupa podemos observar un amplo mostrario de elementos manexados polas lendas que reflicten culturas antigas -paganas-, como seres encantados (galiña), monte, auga (fonte), circunstancias astrais (solsticio de verán), tesouros (pitos de ouro) e noite.

Todos estes factores son integrados-cristianizados pola capela, baixo a advocación de San Lourenzo (que lle engade o lume) e que obra o prodixio (encanto).

Non é de estrañar que o milagre se produza na noite de San Xoán, "quizais a festa onde perviven mitos, crenzas e supersticións de máis fondas raíces."⁴

A capela de San Lourenzo, hoxe en terreos da veciña parroquia de Ardán, é reivindicada pola parroquia de Cela á que pertenceu desde moitos séculos antes.

* * *

A GALIÑA E OS PITOS

(Localización: Cela)

No monte de San Lourenzo existe a fonte da capela que obra o prodixio, na noite de San Xoán, de sacar unha galiña con pitos de ouro.⁵

¹ Mar Llinares García. Op. cit. páx. 35.

² Xesús Taboada Chivite. Ponencia:"Leyendas castreñas" lido no IX Congreso Nacional de Arqueología. Op. cit.

³ Xesús Taboada Chivite en *Ritos y creencias gallegas*. 2ª edic. Edit. Sálvora, 1982.. Páx. 159

⁴ X. Taboada Chivites. Op. cit. Edit. Sálvora, 1982.. Páx. 13

⁵ Buenaventura Aparicio recollea do informante José Rosales Piñeiro (veciño da Torre-Cela). Museo de Pontevedra.



SERPES

Nesta lenda, con tres versións, a serpe aparece como un ser amigo propio dun encanto. En comparanza con outros roles que se lle atribúen (gardían de tesouros, bebedora de leite, etc.) é un papel singular. Quizais se lle asemelle máis o papel de muller amada (con tódalas connotacións que se lle queiran pór) que á conexión que fai Taboada Chivite cando fala da serpe como mouro-muller-dona que representa ó espírito dos mortos.¹

Sinalar que existe algunha versión máis da mesma lenda da "serpe e o neno", onde os matices da fin da historia é o que as diferencian.

O grupo "Arqueolóxico do Morrazo", en agosto de 1983 deixa unha referencia no Museo de Pontevedra onde poñen de manifesto a semellanza entre esta lenda da serpe que matou ó neno e un "conto que figuraba nos libros de bacharelato dos anos 50".

¹ Xesús Taboada Chivite. Op. cit. Páx. 111

O PASTOR E A SERPE

(Localización: Illa de Ons)

“Eiquí había un rapaz que tódolos días ía ao monte co gando. Un serán viu que por embaixo dunha laxe saíalle unha cobra, mais tanto lle gustou que lle diu migallas do seu pan. Fixéronse amigos e tódolos días xantaban o panciño xuntos, e o rapaz xogaba coa cobra e agarimaba nela. O mozo foi ao servizo e cando voltou o primeiro que fixo foi correr ao monte para ollar a súa cobriña; chegou alá, asubiu como acostumaba outrora, e saíu a cobra, mais tan longa, tan longa e tan grosa, que o mozo colleu medo. A cobra non recoñeceu ó rapaz, botouse a el, ensarillouno e matouno. Mais cando o tiña morto reparou nele, recoñeceu e aflita botouse ao mar e morreu afogada.”¹

* * *

O PASTOR E A SERPE

(Localización: Illa de Ons)

Era un pastor que andaba coas ovelas no monte tiña unha serpe pequena e fíxolle una cova para que estivera cómoda, e cando lle asubiaba ela viña.

Un día foi a levar a pastar as ovelas e a mirar se estaba a serpe, asubioulle e ela abrazouse a el e como era tan grande el morreu do susto.²



* * *

(Localización: Illa de Ons)

Un meniño que quedou durmido preto dunha cova habitada por unha “crobe”. Cando desperta atopa ó seu carón ó animal do que, descoñecendo calquera perigo, acepta a súa amizade no xogo. Esta relación faise duradeira no tempo, entablando un grande lazo entre eles.

Sen embargo, a necesidade obriga ó miniño, xa mozo, ó abandono da illa, toleando a “cropa” ó verse soa, matando a quen ousase achegarse á súa cova, asfixiándoo.

Ó seu regreso o rapaz o que fai é acudir a visitar á súa antiga amiga, que o recoñeceu, vivindo xuntos desde entón ó coidado dun tesouro, sen que ninguén tivese coñecemento deles até o de agora.³

¹ Álvaro das Casas. Op. cit. 1934. Páx. 173. Informante: Lelo Blanco

² Francisco Pérez Comesaña de 7º EXB no 1993. Conta: seu pai.

³ Juan Novas Guillán. Ref. Museo de Pontevedra



OUTROS ANIMAIS

Na lenda do Touro dos cornos de ouro, e mesmo na do Boi, podemos ver riscos castrexos e como xa fixo Taboada Chivite, situa-lo touro dentro dunha ampla e vella tradición mítica.¹

Para Blanco Freijeiro² falando do mitoloxema do touro dos cornos de ouro disque a lenda do touro negro, o bos niger, que mora no petroglifo é anuncio de morte para aquela casa hacia a que dirixe o seu bruar. Enténdeo tamén como unha manifestación do demo na que se esconde a figura mitolóxica do Minotauro cretense.

Nos montes de Ermelo existiu ata finais dos anos 60 unha laxe na que aparecían gravadas as pegadas ou improntas de diferentes animais: boi, cérvidos ou cabrúns.³

A lenda do *calamar xigante* lémbra-nos moitas outras narracións dos pobos mariñeiros que ó longo de tódolos mares atopábanse con seres xigantes que saían das profundidades (polbos, calamares, serpentes, baleas, ...) para, case que sempre, abordar barcos e matar ás tripulacións. As lendas servían para xustificar medos, explicar naufraxios ou, simplemente, como anuncio de malos presaxios.

¹ X. Taboada Chivite. *Ritos y creencias Gallegas. Op. cit. Pá.197*

² Antonio Blanco Freijeiro en *Petroglifos de Pontevedra*. "Bellas Artes 75", nº 42. 1975, pp. 3-7.

³ Ref. B. Aparicio. 6-9-1979. Museo de Pontevedra.

O BOI

(Localización: Illa de Ons)

O fillo de Ramona Domínguez Solla andando a pescar polo Centolo choutou a terra para coller unha pedra coa que fondear a dorna, nun burato que hai por embaixo do Castelo viu un boi moi grande cunhas cornas longuísimas, que ao soprar facía moito tronido. O rapaz tal medo colleu que se botou ao mar e por ben pouco non afoga.¹

* * *

A COVA DO TOURO DOS CORNOS DE OURO

(Localización: Illa de Ons)

Un xove tivera coñecemento dun tesouro nun burato ó norte da illa, entrando polas rochas do mar, e decidiuse a penetralo. Unha vez dentro, escoitou un ruído xordo, a pesares do cal proseguíu a súa aventura, pensando atoparse próximo ás riquezas. Nisto, un touro cos cornos feitos de ouro, saíulle en estampida, acometéndoo e causándolle graves feridas ó seu corpo. O mozo puido escapar e alcanzar a entrada da caverna, morrendo tras dar as novas do feito. Desde entón, o lugar coñécese co nome da cova do touro dos cornos de ouro.²

* * *

O BECERRO DE OURO

(Localización: Illa de Ons)

No Chan da Pólvora o solo trisca ó pasar os carros, pois hai un becerro de ouro enterrado.³

OS CARACOLIÑOS DE OURO

(Localización: Illa de Ons)

O veciño de 75 anos Xosé López García contoume que estando de soldado en Africa soupo que un mariñeiro da Arousa escoitou a un mouro falar de tesouros; achegouse a el e o mouro díxolle en segredo que na illa de Ons había unha fonte chea de caracoliños de ouro. Cando voltou cumprido, o mariñeiro aproveitou unha mañá que voltaba de pescar para facer unha recalada na illa, e procurou a fonte. Encontrouna no lugar mesmo que o mouro dixera. Entón foi a Arousa, fretou unha dorna ben comprida e de noite voltou para enchela de caracoliños; colleunos a mangados, e íalles soprando un por un, e encheu a dorna de ouro facéndose millonario.⁴

* * *

O CALAMAR XIGANTE

(Localización: Illa de Ons)

Estando uns mariñeiros xogando unha partida de cartas na Illa, escoitaron o bufar dun calamar. Saíron entón asustados a ver o acontecido, atopándose cun calamar tan grande que no seu “bote” ou “espiña” (cuncha) viñeron dous homes ata Bueu, a moer un saco de cen quilos de millo.⁵

¹ Alvaro das Casas en *A illa de Ons* na revista NOS nº 131-132. Ano 1934. Páx. 174.

² Juan Novas Guillán. Ref. Museo de Pontevedra.

³ Colexio P. de Bueu. !978. Museo de Pontevedra.

⁴ Alvaro das Casas. Op. cit. Páx. 173.


⁵ Ruth Gil Landín de 8º EXB. Museo de Pontevedra.

O TRASNO

As crenzas relixiosas mestúranse, ó longo dos tempos, con elementos paganos dando lugar ó que Risco¹ chama mitos cristianizados, entre eles, o Trasnó ou espírito doméstico que anda polas casas facendo ruidos, meter medo,....

Non é raro que sexa na illa de Ons o lugar onde se recollan cáseque tódalas narracións relacionadas coa mitoloxía. O seu propio aillamento fan que perduren e se trasmitan de xeito máis tópico e universal. Nas narracións que se puideron recoller no noso concello confúndese, o mesmo que en moitos outros lugares, o trasno co díaño burleiro e co tardo.

En tódalas lendas que falan do trasno, excepto na quinta, pódese observar que se refire mais ben ó díaño burleiro, xa que é este persoeiro o que anda polos campos, case sempre de noite. Sen embargo na quinta refírese máis ó trasno chamado tardo, xa que este é o causante do pesadelo.



O TRASNO
(Localización: Meiro)

Un vello foi a regar un campo e atopou un cepo. Colleuno e trouxo para a casa para facelo pan; o cepo empezoulle a mexar polo lombo, e díxolle o home á muller, tráeme a luz. Entón díxolle o cepo: "Ja, ja eu non quero luz nin candil, que eu son o trasno e quérome ir".²

O TRASNO
(Localización: Ermelo-Coiro)

Un home voltaba de celebra-la festa de Santiago da parroquia de Ermelo, onde estivera como invitado duns coñecidos. Para face-lo camiño máis curto viña atravesando as veigas e mailos montes. No medio do monte observou unha luz moi forte e estraña. Entre incrédulo e medoñento, seguiu camiñando, mais ó chegar a unha veiga, viu como unha ovella pacía nun pasteiro. Colleuna, botouna ó lombo e seguiu camiño. Chegou á casa, sen saber como nin porque, e a ovella xa non estaba.

Daquela dixeran que a ovella non era tal senón o trasno.



¹ Vicente Risco. Op. Cit. Tomo I. Páx. 268.

² M^a Luisa González Portela de 7^o EXB - 1993. Contoullo a súa bisavoa.

O TRASNO

(Localización: Rodeira-Liboreiro)

Estando uns homes largando as pezas desde unha traíña viron como un animal semellante a un carneiro ía dun lado a outro pola ribeira. Sorprendidos por veren un animal deste tipo na praia, bogaron con forza ata achegarse á beira. Cando chegaron alí, un home baixou e querendo colle-lo carneiro, lanzoulle un cabo. Cando o tiña enlazado o mariñeiro desapareceu de súpeto.



Tódolos seus compañeiros baixaron da embarcación e empezaron a buscalo por todas partes da ribeira sen atopalo.

Contan que aquel home apareceu no monte Liboreiro mancado e ferido polos golpes que o díaño, en forma dun carneiro, lle dera.

O TRASNO

(Localización: Illa de Ons)

Na illa, cando os mozos ían ás noivas a Curro, e ían á taberna, ó voltar para as súas casas tiñan que vir polo camiño coas mans nos bolsillos e cos puños pechados, porque así non se lle aparecía o trasno en forma de vaca, cabra, can, etc., e se subía ó lombo e tíñano que levar ata a súa casa para que se lles soltara.¹

O TRASNO

(Localización: Illa de Ons)

Contaba un vello que cando era xove aparecíase polas noites "O trasno" e non sabía como ía desfacerse del porque non o deixaba durmir. Pero acorría que cando "O trasno" aparecía este home comenzaba a suar e sentía unha presión moi forte, ata que un día o home rouboulle a gorra "Ó trasno" e dende aquel día non volveu aparecer.²



O TRASNO


(Localización: Illa de Ons)

Un vello certo día colleu en Canibeliños (por detrás da Illa) un pau que trouxo ata a súa casa, pero polo camiño o pau pesaba cada vez máis e cando chegou á casa "O trasno" convertiuse á súa forma normal e díxolle "Quiquiriquí desde Canibeliños truxéchesme aquí".³

¹ Santiago Torresquesana Castro de 6º EXB - 1993. Informa Manuel Piñeiro - Ons

² María Dolores Patiño de 6º EXB - 1993. Conta o seu pai

³ María Dolores Patiño, anteriormente citada.



A SANTA COMPAÑA

Cando se fala da Compañía, Santa Compañía, do demo..., estamos deixando o terreo das lendas (aínda que L. Carré incluía a Santa Compañía dentro das "lendas populares"¹) e adentrándonos máis aló do mito, no mundo da relixión e as súas crenzas. A pesar de todo, e tendo en conta a aclaración anterior, poñemos estas narracións por consideralas de interese de ser coñecidas polos alumnos como recuncho da etnografía popular paralelo ó que se deu en chamar lendas haxiográficas.

A Compañía ou Santa Compañía, nas narracións que nos atinxen, presentan a xeralidade das características con que aparecen noutros lugares, como ser un grupo de ánimas que van en procesión, premonición de morte, preocupación do que a atopa ou a mira, etc.

As narracións, por estar circunscritas á illa de Ons, teñen unhas connotacións propias que as fan interesantes:

- a súa procedencia, voando por riba do mar ou saíndo do mar.
- os descubrimentos da mesma polos mariñeiros dende o mar.
- a ampliación nas formas de darse a coñecer: non só con luces e silencios pola noite senón a través do son "campaiñas" e polo día.
- as súas estadias nas praias ou o seu camiñar pola ribeira.
- ...

¹ Leandro Carré Alvarellos en *As lendas tradizionaes galegas*. Porto.

A SANTA COMPAÑA

(Localización: Illa de Ons)


Tódolos días, pola noite, sae a Santa Compañía iluminada por unha luz vermella.

As primeiras en descubrilos son os maiñeiros que se atopan traballando, e permanecen mudos mentras observan o lento e silencioso camiñar dos mortos.

Conta a lenda que antes de desaparecer no cemiterio deixan un ataúde nalgunha porta, e alí onde o depositen xurdirá a morte.

Esta lenda foi sentida, compartida e observada pola comunidade da Illa de Ons.¹

Cando saía de palicar coa moza Pepiño Vidal, de vintese anos, viu a Compañía que lle acenaba coa man.²



“A Compañía hai que vixiala de noite. Pola lus xa se conoce. A lus é encarnada como o lume. Ela vén alta de todo, enriba de todo o mundo. Esa lumbrera é a Compañía. Dá un alumeado que se mira como se fose día; mírase a illa en claro como o día; míranse os toxos, o monte millor que se mira agora. E despois desta lus vén outra pero máis pequena e baixa como unha lus branca, e despois vén todo o Acompañamento de xente de toda clase: pequena, grande, meniños pequerrechos, cans.... Van vestidos como nós. Míranse andar pola beiramar na praia de Melide. Van caladiños. E moitos portan caixas de defuntos, e detrás deles sigue outra lus branca. E a Compañía deixa a caixa diante da casa onde vai morrer alguén. Aquí na illa mírase o Acompañamento moitas veces.”¹

* * *


¹ M^a del Mar Vidal Piñeiro de 7^o no ano 1993. Informa: unha tía súa.

² Alvaro das Casas. Op. cit. Páx. 174

A COMPAÑA

(Localización: Illa de Ons)

“Cando a Compañía aparece, mírase primeiro unha lus coma unha estrela no ceo, e despois a lus ponse no chan. A lus é primeiro verde pero ó baixar ilumínase todo como se fora de día. Detrás desta lus veñen miles de pequeniñas como cirios. E a xente da Compañía mírase como se foran vivos, e máis se escoita ruído como se foran campaiñas. A Compañía vén voando e a estrela ponse na praia e empézase a ver xente que vai detrás da lus.”²



A COMPAÑA

(Localización: Illa de Ons)

“Unha vez un home ía para a súa casa alá para o Centulo e sentiu tocar as campaiñas; era a Compañía. E non fixo caso, e veu a andar así un pouco para diante e topou unha caixa de difuntos. Estaban tocando campaiñas arredor da caixa e había moito xentío arredor. Un fulano da Compañía díxolle que por alí non podía pasar. Entón tivo que dar a volta. E de alí ós tres días morreu a muller que vivía na casa. Moreu ó librar (parir). E xa non librou; morreu ela e mais o fillo.”³

* * *

(Localización: Bueu-Moaña)

Hai moitísimos anos uns vellos decidiron ir ó sandíal do Leixón para coller unha cantas sandías e comelas alí. Do que non se decataran era de que o dono e mailo fillo estaban facendo garda cunha escopeta. Os vellos ían vestidos de branco e cantando:

*"Cando eramos vivos comíamos destes figos,
agora que somos mortos andamos polos camiños.
Almiñas da dianteira esperar pola terceira.
¡Non che esperaremos, non, ata chegar ó sandíal no Lisón"*

(E coa campaiña ía tocando "tilín-tilín")

Ó escoitar, o dono e mailo fillo, esta canción e ó mirar cás dúas formas brancas ían cara a eles, fuxiron "escopetados".⁴

¹ Fernando Alonso Romero en *Los orígenes del mito de la santa Compañía de las islas de Ons y Sálvora*. Cuaderno de Estudios Galegos, XXXII (96-97). 1981. Páx. 286

² Fernando Alonso Romero. Op. cit. Páx. 287

³ Fernando Alonso Romero. Op. cit. Páx. 291

⁴ José Ramón Sánchez Santomé de 2º da ESO - 1997. Contada polo bisavó ó seu avó

OUTRAS...

O NOME DE BUEU


Conta unha lenda que nunha das moitas invasións que sufriu a nosa costa (polos romanos, mouros ou polos piratas, segundo a fonte), a xente fuxiu a refuxiarse nos montes para non seren apreixados ou mortos ou levados para outras terras como escravos. Un dos nativos, logo de varios días de saqueo e destrución da vila, e non podendo aturalo máis pensou en organiza-la resistencia. Percorreu os montes para xuntar ós seus veciños espallados, e cando todos estiveron reunidos en asemblea, o valente falou deste xeito:

- "Os invasores están a roubar as nosas arcas, a destruí-las nosas colleitas, a beber o noso viño, a emporcar, a derrubar as nosas casas... !Non podemos deixar máis tal cousa!... Temos que xuntarnos e atacalos esta noite.... ¿Quen está de acordo e vén comigo?..."

Os veciños, empuxados polas palabras acesas do valente e pola raiba que medraba nos seus peitos diante da destrución de todo canto era seu, berraron con forza: ¡VOU EU!, ¡VOU EU!, ¡VOU EU!...


O berro foi medrando e extendéndose entre eles ata que todos avanzaron cara adiante e esa noite caíron sobre a vila derrotando e expulsando ós invasores.

E dese berro de valor e de carraxe, é de onde ven o nome da vila: BUEU.¹



(Localización: Cabalo-Beluso)

Contan os veciños de Beluso que ó dividir a súa parroquia da de Bueu, existía un punto conflictivo para establecer os correspondentes lindeiros: a pedra do Cabalo. Sendo este o problema, aqueles propuxéronlle ós de Bueu que amarraran á referida pedra cunha cadea, eles o farían atánda a un fío de lá, e tirar todos á vez. Se nestas condicións era posible arrastralo hacia Bueu, quedarían os seus veciños coa súa propiedade, en caso contrario permanecería na parroquia de Beluso. Aceptado o reto, non foron aqueles quen de movelo, e por tal motivo díse que o Cabalo mira para Bueu ríndose dos que non foron capaces de arrastralo.



¹ Jacobo Sánchez López 7º de EXB - 1993. Nota: Hai varias versións sobre a orixe do nome de Bueu, aínda que básicamente todas elas coinciden. Para ver a orixe do topónimo Bueu podedes mira no Candil "Apuntes de Toponimia: concello de Bueu" correspondinte ó nº 8 de 1996.


ANCORA DOURO

Din, á praia de Ancoradouro, chamáronlle así, porque por aquelas augas afundiuse un barco cunha áncora que eraouro.¹

O SANTO DA AGONÍA

(Localización: O Valado)

A lenda trata dun home que tiña unha machada para ir ó monte a cortar leña e ó pasar polo santo da agonía cortoulle os brazos. O home cando foi a cortar a leña zafóuselle a machada e deulle nunha perna e houbo que amputarlle.²



O VERÁN DA SAN MARTIÑO

Aló polos tempos da Roma imperial vivía un soldado chamado Martiño. Este, atopándose un día de garda viu pasar por diante del un home vello e pobre que ía medio espido. Como era inverno e o frío castigaba os corpos, o santo compadeceuse del e regaloulle a súa capa.

Cando os seus superiores o viron sen ela castigárono a montar garda durante unha semana enteira sen ningunha prenda de abrigo, coa intención de que o frío do mes de novembro lle dera un bo escarmento. Pero Deus, coma proba de agrado por un bo acto, tivo os días atemperados e desde entón ata agora, ó chega-lo tempo de San Martiño os días deixan ver un sol radiante e unha quentura pouco frecuente nos outros días do inverno.

O ROSARIO DE OURO

Unha nena a quen a súa nai lle regalou un rosario de ouro. Que por aquel entón os rosarios estimábanse moito. Un día a nena foi á fonte por auga, como lle tiña tanto cariño ó regalo da súa nai levouno consigo. Entón ó coller a auga quedóuselle esquecido. Cando subía atopou a un señor cun saco. Ela preguntoulle ó señor se atopara un rosario, o señor díxolle:

Métete no saco e atoparalo. Ela meteuse e quedou atrapada e comezou a cantar:

*Por un rosario de ouro
lévanme aquí metida
e a pobre de miña nai
anda en busca miña.³*

DEUS E O CARRETEIRO

(Localización: Illa de Ons)

Unha vez Deus -cántame a cativa de sete anos Deloriñas Méndez- estaba agachado na beira dun camiño; pasou un carreteiro e Deus díxolle: "¿Quéresme levar?". Mais o carreteiro respondeulle que non. Pois has de andar sempre só, díxolle Deus. Pasou outro, Deus pediulle se o levaba no carro, e o carreteiro díxolle que si. Deus entón asegurou: "Pois este ano terás moito millo". E o carreteiro colleu a mellor colleita, arranxou a caseta e fíxose un dos máis ricos da illa.⁴

¹ Damelza Miranda Rey - 7º EXB - 1993.Ref.: Súa nai.

² Emilio José Gallego Parada de 7º EXB - 1993 seu pai

³ Iván Ríos Gestido de 7º no ano 1993, contado pola súa avoa.

⁴ Álvaro das Casas. Op. cit. Páx. 173

LAXE DO CREGO OU DO ABADE

(Localización: Illa de Ons)

Na curta distancia do peirao de Ons hai "A Laxe do Crego" cunha sepultura antropomórfica esculpida na mesma pedra. Chámase do crego ou do abade, pola crenza de que a sepultura pertencía a un monxe dun antigo mosteiro da illa.¹

AS ORFAS

(Localización: Beluso)

Vivían tres nenas que eran orfas e como o seu pai tiña que ir ó mar e así poder mantelas, elas quedaban soas. Resulta que as nenas tódalas mañás aparecían limpas, vestidas e moi peiteadas. Os veciños preguntábanlles quen as peiteaba, contestando as nenas que era a nai que viña do ceo e as coidaba. Os veciños quedábanse abraizados.



Logo, cando veu o seu pai do mar viu ás súas fillas moi limpas e peiteadas e preguntoulles quen lle axudara e elas dixéronlle que era a súa nai quen viña tódalas mañás pola fiestra, coidábaas e logo marchaba. Nese momento viuse como a porta se pechaba.²

* * *

(Localización: Cela)

Segundo contaban os vellos de Cela ata hai non moitos anos, cando un se facía vello chegaba un día en que se preparaba para ir ó monte. O fillo maior era o encargado de levalo e deixalo lonxe, no monte.

Certo día un fillo que ía cargado co seu pai e, despois de moito camiñar, fixo un alto para descansar. Nada máis baixar o pai das costas, este díxolle que nese mesmo lugar el había de descansar cando levara ó seu pai. O fillo reflexionou e chegou, á conclusión de que o mesmo lle ía acontecer a el. Entón poñéndose de pé colleu ó seu pai e voltou con el á casa, rachando deste xeito coa costume.³

* * *

¹ Hugo Fernández Riobó de 7º EXB - 1993 Ref.: Bisavóa

² Alejandro Cerviño Cortizo no 7º EXB - 1993. Informa a súa avóa

³ Eugenio López Otero. Cela - 1975

(Localización: Outeiro)


No Outeiro, unha vella estaba dándolle de comer ós bois cando meu avó esperaba por un compañeiro na encrucillada da Dena. De súpeto, miran que pola outra banda da encrucillada, pasa correndo a vella. Sen pensalo foron detrás dela sen conseguir darlle alcance.

Á mañá seguinte enteráronse de que a vella morrera unha hora antes da que eles a viran pasar pola encrucillada.¹

O PAZO DOS PICOS

Dise que na Idade Medía, a causa dunha guerra, dona Urraca e uns fieis soldados seus viñeron a vivir ó Pazo dos Picos.²

Tamén cóntase iso mesmo, pero que dona Urraca, veuse a vivir ó Pazo dos Picos, cuns fieis soldados, porque o seu home a quería matar.³



Pazo do Casal ou "dos Picos"

CAMPO SANTO DA INQUISICIÓN

(Localización: O Valado)

No Campo Santo preto do pazo de Santa Cruz, en tempos da Inquisición, emparedaban á xente e botábanlle aceite fervendo na cabeza, matábanos e enterrábanos alí.⁴

¹ José Ramón Sánchez Santomé de 2º da ESO - 1997. Contada polo seu avó

² Sinalar que a raíña dona Urraca non puido, tendo en conta a cronoloxía, estar na casa dos picos. Xa o comentaba Carballreira nun artigo titulado San Martiño cando dicía: "Só ignorando a data deste edificio ou descoñecéndose na época en que viviu a filla de Alfonso VI, pode darse crédito a tal especia". Faro de Vigo.11-11-1925. Reproducido no Candil "O San Martiño I (1923-1929)" de novembro de 1994. Páx. 10. Se algunha verdade houbo da estancia de Dona Urraca pola zona sería no castelo de Darbo.

³ Angela Estévez Ogando de 6º EXB - 1993

⁴ J. Carlos Sotelo González recollido de Carmen Barros Sánchez. Ref. B. Aparicio. 6-1-2978. Museo de Pontevedra.

O CRUCEIRO DE MOROUSOS

(Localización: Castiñeiras)

Había o costume ata hai 50 anos de que a xente ó pasar por ese lugar, descubríase a cabeza e coa gorra ou boina cubrían con ela ós nenos pequenos para protexelos das *malas influénzas*.¹

UN TAPÓN NA ILLA DE ONS

(Localización: Illa de Ons)

Din que na illa de Ons hai un tapón e que se o abres a Illa de Ons desaparece e din que uns chavales descubriron o tapón e quixeron levantalo pero non puideron.²

* * *

A HISTORIA DO FERRO ABOIADO

(Localización: Illa de Ons)

Na illa de Ons, preto de Onza, un barco foi contra as pedras e desfíxose en anacos, afundíndose logo. Indo nas dornas collían o metal para vendelo en Pontevedra. A algúns colleunos a Garda Civil, e como era en tempos de ignorancia, ó preguntarlle donde colleran o ferro, eles contestáronlle que o atoparan aboiado; logo metéronos na cadea de Pontevedra ata o día do xuízo, onde fora tamén un cura que había en Beluso, que tiña moita amizade con eles. Ó preguntarlle o xuíz onde colleran aqueles ferros eles volveron a dicir o mesmo: ¡Collémolo aboiado!. Entón díxolle o xuíz: " O ferro non aboia", ó que lle contestou o cura : " Se o ferro non aboia ¿ porque fan barcos de ferro?.

Viñeron libres para a casa.³

O HOME SIREA

(Localización: Illa de Ons)

Houbo un tempo en que antes de que morrera un home, muller ou neno, un home sirea choraba nun con en Liñeiros. E así avisaba a toda xente da Illa.⁴



¹ Ref. Colexio P. de Bueu. Relatado por un home (70 anos) de Beluso en xuño de 1978. Hoxe o cruceiro está desprazado uns metros do seu lugar orixinario pola urbanización do Parque Industrial. Na basa e no seu pé pode lerse: "Esta obra mandó hacer a su costa el capitán Don José...de la Rúa.... al servicio del.... 14 de septiembre de 1700". Museo de Pontevedra.

² Sonia Fiel Pereira de 7º EXB - 1993.

³ Estrella Pérez Ferradás de 7º EXB - 1993. Ref. Seu tío

⁴ José Manuel Dios Otero de 8º EXB - 1993. Contoullo a súa avó.